

Ao Vigo de 'Cardume', in memoriam



MAR MATO / VIGO Nos anos 40 había moitísimos consultorios de mediums e espiritistas. Era lóxico, era unha sociedade enferma, cun trauma terrible. Debía ser o máis angustiante do mundo. (A represión) fora tan traumática, tan difícil de entender que a xente necesitaba comunicarse cos que se foran de xeito repentino". Rexina Vega, escritora, fala con razón nunha conversa sobre o seu libro "Cardume", o Premio Xerais de Novela 2007, que onte se presentou en Vigo, no Museo de Arte Contemporánea (MARCO). A obra lembra, nun dos capítulos, o gusto polo ougha naquela época como un apuntamento máis nunha historia xeracional de Vigo desde a década dos 30 ata agora. Unha historia sobre os seus antergos e sobre un en especial, o dramaturgo Urbano Moledo, a quen onte se lle rendeu homenaxe no MARCO, o museo que en 1936 serviu de cárcere e de testemuña dos derradeiros días do que fora presidente do Ateneo de Lavadores.



Urzáiz, na visita a Vigo do presidente Alcalá Zamora en 1934. / *museo massó*

"Figuras como Urbano teñen valor porque axudaron a que a sociedade fose mellor. Era un sindicalista, un mitineiro habitual", sinala Vega, doutora en Filoloxía Románica. Por que tanta fascinación por esta figura, por un dramaturgo menor? "Era parte da miña familia, o primo da miña avoa. No momento no que me plantexo unha novela da memoria e de ficción sobre a miña xeración familiar recordo o que máis deixou pegada", responde a escritora quen creceu oíndo dos seus avós o trágico final dun home que agocha tamén parte da historia dunha cidade.

Nunha época na que Vigo soñaba a ser British, Urbano Moledo foi un dramaturgo axusticiado mentres señoritos burgueses ían a menos e outros ían a máis entre a agonía dos que quedaban e dos que marchaban cara América. De todo isto fala "Cardume" pero 193 páxinas chegan a pouco para quen teña a arela de saber. A vida sempre supera a ficción e ao remate da súa lectura queremos chegar a coñecer o que foi real e o que é imaxinado. Rexina Vega é a canle para apartar a brétema, para explicarnos o que agocha entre liñas e fóra das páxinas dun libro que prende a chama do pasado.

"A familia -explica Rexina na nosa conversa no instituto de Nigrán onde imparte clases- non lle daba importancia a Urbano porque vían nel un personaxe estrafalario pero no Arquivo de Ferrol atopei o manuscrito de teatro (en galego) que se editou agora en Do Castro como proba de actividades subversivas".

En realidade, a causa de Urbano Moledo, a que o levou á morte non na Illa de San Simón como sinala o libro senón no paredón do Castro ata onde foi conducido desde o MARCO, "é a causa de 13 persoas (explica Vega) que están inculpadas no asalto ao chalet de Estanislao Núñez, que era un empresario importante da estampación da folia de lata para as conserveiras moi relacionado co bando nacional".

Días de barricadas

O alzamento do movemento naquel xullo de 1936 foi recibido en Vigo "cunha reacción moi forte. É moi épico - sinala a autora- porque nese momento a xente comeza a requisar armas, sacar pedras da rúa, mobles das casas para facer barricadas. Os veciños resisten entre dous e tres días. Hai sucesivas barricadas, nos Choróns, na altura do mercado do Calvario e no Seixo".

Precisamente, no Seixo atópase o chalé de Estanislao Núñez no que entran os veciños para conseguir armas e para atoparse co empresario empuñando unha escopeta e atravesándoos con balas. "Estanislao foxe pola porta traseira e mátano", resume a autora de "Cardume".

O sangue no Seixo anima ás novas autoridades a dar exemplo: decretan o fusilamento de 13 persoas, entre elas, Urbano Moledo. "A el condenárono por ser presidente do Ateneo de Lavadores co agravante da peza de teatro (que agora publica Do Castro). Ademais, era galeguista, sindicalista...". Urbano tiña tódolos boletos.

"Cardume" non fala de todos estes feitos pero sitúanos nunha sociedade pobre, de gigolós que amansan as mulleres dos ricos conserveiros, dos intelectuais que pretendían cambiar do mundo e das balas que realmente o crebaron.

